



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

25.xullo.2003 // 19.30 H  
**ACTO DE ENTREGA DAS MEDALLAS DE  
GALICIA 2003**

Pazo de Congresos e Exposicións-San Lázaro  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- **Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.**
- **Sr. Delegado do Goberno.**
- **Sr. Alcalde de Santiago de Compostela.**
- **Señoras e Señores Conselleiros.**
- **Autoridades e representacións.**
- **Miñas donas, meus señores.**

**1.- VINTE CINCO DE XULLO DE 2003**

Hai que reparar ben na data: Hoxe é vinte e cinco de xullo de 2003, e por iso celebramos o Día de Galicia na súa capital política. Facémolo cun cerimonia que se iniciou a pouco de estreada a autonomía, en 1984.

A elección da data non se fixo ó chou daquela, senón que foi froito dunha decidida vontade de innovación e continuidade, concretada no desexo de unir esta solemnidade ás que xa se viñan celebrando o día 25 de xullo desde moito antes.




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

A decisión deu estado oficial, ó que era un costume novo, pero xa ben arraigado. Tal uso iniciárase en 1920 cando as *Irmandades da Fala* organizaron o primeiro *Día de Galicia* un día coma este. Pero é o certo que os dirixentes das Irmandades tampouco obraron a capricho, senón que, simplemente, fixeron seu outro costume inmemorial, que consideraba día da festa maior de todos nós a data na que a Igrexa honra o Apóstolo Santiago, por ser venerado como Patrón de Galicia desde os afastados tempos medievais, ou sexa, des que os galegos tomamos conciencia nidia de sermos un pobo distinto dos outros pobos irmáns, espallados pola Península Ibérica, e deixamos constancia documentada diso no *Liber Sancti Jacobi*, máis coñecido como *Codex Calixtinus*.

Cando se mantén firme unha idea pública, ó longo de máis de dez séculos, preservándoa incólume entre os vaivéns e trastornos, que ocasionan as innumerables e imprevisibles



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

vicisitudes políticas, económicas, culturais, militares e mesmo vitais, coma as que se deron entre nós, desde o século X ata o XX, non é só porque tal idea ha ser nobre e grande, senón tamén porque o pobo, ó mantela viva, acredita ser tolerante, para manter o legado dos devanceiros, e mesmo previsora, para garantir o porvir.

Non é de estrañar, por iso, que neste discurso institucional, o Presidente da Xunta faga sempre un chamamento á tolerancia, e á solidariedade, á cooperación e á comprensión entre todos nós, e non só ós agora presentes, senón tamén os ausentes. Así o ten feito este Presidente nos anos pasados, sen faltar un. E o último, o 2002, marcando énfase nilo, máis cecais ca nunca. Quen vos fala atopábase, hai un ano, moi satisfeito e alegremente confiado no porvir inmediato do noso pobo, porque nesa dirección se tiñan pronunciado, moi poucas semanas antes, esperanzadoras promesas de diálogo e entendemento, feitas en termos



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

solemnes polos primeiros representantes das forzas políticas galegas, inseridas no arco estatutario; é dicir, practicamente por todas.

Infortunadamente, o inverno transcorrido desde aquela tennos ofrecido, en doses excesivas, o prato acedo da disensión, do enfrontamento, e da crispación entre os galegos. Algúns analistas opinaron que iso era debido á proximidade dunhas eleccións locais. Iso pode explicar o acontecido, pero en calquera caso non o xustifica.

O espírito solidario, a prol do ben común, ten que predominar xustamente cando hai ocasión para a discordia, que é cando fai falla de veras. ¡Se neste día fixésemos todos algún propósito público de non recuncar no mesmo defecto, sería magnífico!.

É verdade que os momentos de máis rexos enfrontamentos externos xa pasaron, e que á tempestade



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

sucedeu unha certa calma. Restaurouse, gracias a Deus, a paz pública que fora quebrantada, mesmo con violencia física, en diversas ocasións. Pero ¿acadamos serenar igualmente os ánimos?.

Celebro eu, e coido que celebramos todos os aquí presentes que outra vez sexamos quen de nos volver estreitar as mans con empatía. Aproveitemos todos, xa que logo, esta festa para pedirmonos escusas, mutuamente, polo que cada un de nós poida ter ofendido. Fagamos noso, de novo, o vello lema galego: "*Deus fratesque Gallaeciae*", Deus e os irmáns galegos . Iso é o que nos xunta. Eu, pola miña parte, así o fago, ofrecendo hoxe, no Día de Galicia, unha man tendida a todos os que a queiran aceptar...

Con ela vai, así mesmo, unha renovada disposición para resolver as inevitables diferencias que xurdan sobre as solucións máis adecuadas dos problemas colectivos, compoñéndoas co diálogo. Enténdase ben, co diálogo



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

auténtico, que é o que busca coincidencias axeitadas nas que concordar.

É lóxico, pois, aproveitar o Día de Galicia para chamar á unión e á concordia entre os galegos. Engado agora que, como esa idea é consubstancial co ámbito máis nobre da alma galega, coido que por esa vía -polo camiño do máis xeneroso entendemento- superaremos pronto tódalas secuelas da adversidade, pois non estamos sós nesa empresa patriótica de deixar a costa galega mellor do que estaba.

Moitos voluntarios axudáronnos a recuperar a nosa economía e a nosa beleza. E tampouco non faltaron cidadáns europeos. Estiveron ó noso lado os comisarios da Unión Europea e as autoridades de non poucos Estados membros da mesma. E non faltaron tampouco os gobernos rexionais e o goberno de España.



XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

Súa Maxestade El-rei estivo connosco tamén en diversas ocasións, poñendo á vista "o saber estar rexio", como se ten recoñecido pola nosa xente. Don JUAN CARLOS deunos alento, con verbas dignas de perenne gratitude e recordatorio:

*As adversidades poden ferir e afectar con dureza a unha comunidade. Pero tamén poñen en evidencia, como no caso de Galicia, a súa capacidade de reacción, e a fortaleza e a valentía das súas xentes para sobrepoñerse (a aquelas) con madurez.*

Iso foi o que nos dixo Súa Maxestade El-Rei.

Non estamos sós ... Pero aínda queda moito por facer. Para facelo mellor, propóñovos que fagamos da nosa patria un mar, onde se entendan ben todos os galegos, por se ter superada a artificial ruptura que, disque, separa o conservadorismo do progresismo, ou como dicía AVILÉS DE TARAMANCOS, -poeta honrado neste ano coa dedicación das letras galegas-, os mariñeiros vellos de vela, dos navegantes novos a motor. Pois todos temos ante nós o mesmo mar e,



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

consecuentemente, debemos amar, por igual, “os paquebotes silandeiros, as agudas corbetas vixiantes”, “a máquina en si, a enerxía”, e mais “os veleiros triunfadores”.


## **2.- ELOXIO DE TRES GRANDES POLÍTICOS**

Mais tamén é obriga nosa facer o eloxio das persoas honradas coas medallas de Galicia, e singularmente as que recibiron fai un intre as medallas de Ouro. Porque hoxe honra Galicia coa Medalla de Ouro a tres grandes persoeiros; unha muller e dous homes, e cómpre facer a súa louvanza.

Dona Loyola DE PALACIO veu a luz en Madrid en 1950 e é licenciada en Dereito. Sentiu a vocación política na primeira mocidade, e nela segue agora, co mesmo vigor de sempre, arrequecido asemade con maxistral experiencia. A súa folla de servicios a España é digna de admiración.

Rexentou desde moi nova postos de alta responsabilidade, así nas Novas Xeracións do Partido





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Popular, como no Comité Executivo Nacional deste partido político. E triunfou en tódalas eleccións populares nas que competiu.

Foi primeiro elixida Senadora e logo Deputada; e nomeada Ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Posteriormente foi elixida Deputada Europea, e como tal, nomeada Comisaria de Relacións co Parlamento Europeo, Transportes e Enerxía, ademais de Vicepresidenta da Comisión Europea.

Nos dous cargos, como Ministra e como Comisaria, ten prestado un permanente apoio a Galicia.

A súa xestión como Ministra foi sumamente eficaz para resolver non poucos problemas relacionados co sector primario, en especial coa pesca, e co leite, que en certo modo saíron malparados nos acordos de ingreso de España, na entón denominada Comunidade Europea.




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

A súa posterior xestión como Comisaria da Unión Europea está sendo importantísima, tanto para obter axudas con que afrontar os custos do afundimento do *Prestige* e mailo rescate do pecio, coma para tomar medidas que impidan a ocorrencia doutras adversidades deste xénero no sucesivo. Por todo iso, merece a gratitude de Galicia, que lle manifestamos con esta honra, ó tempo que lle desexamos éxitos futuros. Se Deus lle dá vida, como arelamos, ha seguir rompendo marcas de participación da muller europea na política.

Don Francisco ÁLVAREZ-CASCOS é un madrileño enxeñeiro de camiños, canles e portos. En 1976, frisando os trinta anos, cambiou esa recoñecida actividade profesional pola aínda máis alta da política.

Militou sempre ó meu carón, con admirable lealdade, nas filas do populismo democrático, servindo con xenerosidade en sucesivas formacións, que foi adoptando este partido,



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

como Reforma Democrática, Alianza Popular, Coalición Democrática e Partido Popular.

O seu *cursus honorum* recorreu cáseque tódolos graos, tanto representativos coma executivos, pois primeiro ten sido Concelleiro, Deputado Provincial, e Conselleiro rexional no Principado de Asturias; e logo, Deputado, Senador, Ministro e Vicepresidente do Goberno de Súa Maxestade. Na actualidade desempeña, como é sabido, a carteira de Fomento.

O señor ÁLVAREZ-CASCOS ten demostrada a súa valía política como orador, como dialéctico, como parlamentario, como negociador, e sobre todo, como administrador honesto e eficaz. Tamén como estadista de principios, e como home de lealdades. É dicir, como persoa de fiar, que di sempre o que pensa, e que cumpre o que promete.

O noso condecorado non é só un político pragmático e hábil. E tamén un home de teorías consistentes, e de



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

programas axustados á realidade: como pode comprobarse, ollando os diversos libros e artigos publicados. Por todo iso é de prever, dada a súa xuventude, que teña por diante unha longa carreira política. Polo ben de Galicia, país para o que leva demostrado especial comprensión e afecto, desexámoslle que siga adiante emprestando tan exemplares servicios á nación, con novas responsabilidades, desenvolvidas coa mellor virtude e a maior fortuna.

Don José Luis MEILÁN GIL é un ilustre xurisperito coruñés, sendo licenciado, doutor e catedrático de Dereito. Obtivo a cátedra de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago en 1968, que desempeñou vinte anos. Cando se creou a Universidade da súa cidade natal concursou a ela e accedeu pouco despois ó rectorado, no que ten sido reelixido varias veces.

O cargo representativo e executivo rectoral foi a culminación dunha carreira política, ó mesmo tempo cá



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

académica, desenvolta fundamentalmente na Unión de Centro Democrático. As súas intervencións na etapa de redacción do Estatuto de Galicia vixente marcaron relevantes aspectos decisivos do seu articulado. E as súas actuacións como rector desenvolveron e consolidaron amplamente unha Universidade nova, como é a da Coruña.

A presenza do Rector MEILÁN en moitas academias legais, claustros universitarios, institutos xurídicos, e organismos administrativos de España, Europa e América, honra a Galicia: que por iso premia coa Medalla de Ouro unha traxectoria plena de traballos e de éxitos, que aínda ha seguir producindo bos froitos, na etapa de emeritado que agora comeza.

Agradézolles, pois, no nome do pobo galego, a estes tres persoeiros os servicios rendidos a Galicia, e mailos que aínda seguirán a render.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Á señora DE PALACIO, en particular, por canto vén de demostrar, de novo, a súa calidade humana e política, e mesmo o apreciado agarimo que ten pola nosa terra, tal como expresou no discurso que acabamos de escoitar.

E aínda unha breve reflexión, antes de continuar con outras obrigas propias deste parlamento.

Naturalmente, na concesión de honores públicos, sempre pode haber discrepantes no marco dunha sociedade democrática e pluralista.

En todo caso as tres personalidades, con medalla de ouro de Galicia, a quen agasallamos nesta sesión, teñen escrito e publicado en numerosos libros e revistas, ó longo dos seis últimos lustros, o que pensaron, o que sentiron, o que proxectaron, e o que fixeron como representantes e gobernantes públicos.




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

O seu traballo, auténticamente entregado e xeneroso a prol de toda España, e en particular a prol do progreso de Galicia, vai máis alá das palabras ou das simples promesas etéreas. Os seus estudos e programas de actuación, baseados na realidade, aparecen en monografías ou en colaboracións, asinadas nas mellores revistas políticas, nos *Diarios de Sesións* das Cortes Españolas ou do Parlamento Europeo, e nas *Gacetas ou Boletíns Oficiais* dos Gobernos das Comunidades autónomas, do Reino de España, ou da Comisión Europea.

A solvencia e o verdadeiro grao de eficacia dos políticos en activo compróbanse nesas publicacións, onde se refiren as obras que son amores. Aí, neses comprometidos espellos que reflicten por escrito o labor diario, compróbanse, sen dúbida, os múltiples e numerosos servicios, que levan emprestado á nosa Comunidade os tres galardoados hoxe coa Medalla de Ouro de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

### **3.- PARABÉNS ÓS CONDECORADOS E A TÓDOLOS GALEGOS**

Reciban agora os nosos parabéns os demais condecorados.

Diríxome, por tanto, ás señoras e señores condecorados aquí presentes, ós familiares dos falecidos, e ós representantes das institucións, así mesmo, honradas hogano con Medallas de Galicia de prata e bronce. ¡Benvidos sexades todos a este grupo de bos e xenerosos que forman os Medallas de Galicia!.

Señores familiares dos defuntos condecorados. Ben sabemos todos que ninguna honra pode suplir a ausencia das persoas que faltan. Esperamos que, alomenos, vos sirva de reparador conforto unha condecoración, que testemuña o respecto, a admiración e a gratitude, que todos os galegos senten polos vosos familiares, e pola forma exemplar con que cumpriron o seu deber.





XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

En canto ós demais condecorados, recibide tamén o noso aplauso. Desenvolvestes moitos de vós notables actividades *culturais e científicas*. Destacades outros condecorados hoxe polos vosos labores *económicos, creadores de prosperidade*. Outros, en fin, dedicastes o voso esforzo xeneroso e productivo a tarefas *sociais de solidariedade e cooperación*. ¡Gracias e parabéns!

Vaia tamén a nosa gratitude a todos os presentes e ausentes, por teren convertido en feitos, o sentimento que o poeta Avilés de Taramancos expresou con apaixonados versos:

*Eu amo á xente do meu pobo,  
a toda a xente do meu pobo.  
Desde o principio ó fin dos séculos,  
e máis alá,  
amo a cada persoa, unha a unha,  
con todo o amor que pode dar  
o meu corazón...*

En toda esa *xente do noso pobo* cabemos todos.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Para todos, unha afectuosa lembranza no día grande de Galicia.

#### **4.- LOA DE GALICIA**

Pero o noso maior parabén e para Galicia mesma, porque hoxe é o seu Día:

Señoras e señores: Esteamos alegres porque podemos celebrar un ano máis xuntos a festa maior de Galicia, e redobrar así sinerxías, coas que poder continuar prestando os servicios debidos á terra nai. Preparémonos para afrontar os novos retos, previsibles ou imprevisibles.

Os previsibles, como o Ano Santo de 2004, ó que segue un longo período sen que haxa outro. Nesta celebración, que imos procurar dinamizar ó máximo co correspondente Xacobeo, temos que presentar un país grato e hospitalario a unha morea de visitantes, peregrinos e turistas culturais, que andarán entre os catro e cinco millóns de persoas.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Aprestémonos todos a facer as cousas de tal xeito, que a maior parte deles volte ós seus fogares, facendo votos de retornar, e de traeren con eles outros visitantes novos.

E para afrontar os retos imprevisibles, contamos coa xeración de cidadáns mellor preparada que nunca tivemos..., e coa axuda de Deus e do Apóstolo Santiago, o noso patrón e avogado.

Que Aquel, por intercesión deste, nos conceda podernos volver atopar aquí, de novo, en boa saúde, e xuntos, o vintecinco de xullo de 2004.

¡De hoxe nun ano!